

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A BAÑA

Selección de persoal

Resolución do alcalde da Baña pola que se aproban as bases xerais para a selección de persoal funcionario interino e persoal laboral temporal, mediante listas de substitución

ANTECEDENTES

A vixente normativa en materia de provisión de postos de traballo do sector público determina que existe unha taxa de reposición máxima de efectivos e establece a excepcionalidade para cubrir necesidades urxentes e inaprazables restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou afecten ao funcionamento básico dos servizos públicos.

Situacións de urxencia que son susceptibles de producirse, sen que exista un procedemento áxil para a provisión transitoria dos postos de traballo sen que se resinta o funcionamento dos servizos públicos municipais. Por tal motivo, considérase imprescindible contar cun marco regulamentario que posibilite a tramitación eficaz dos procedementos de selección necesarios, garantindo plenamente os principios de publicidade mérito e capacidade.

Aos efectos de ditar a resolución que legalmente proceda, considerouse a seguinte normativa:

- Constitución Española.
- Lei 2/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real Decreto 781/1986, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Real Decreto Legislativo 3/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Emprego.
- Real Decreto Legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
- Real Decreto 1856/2009, do 4 de decembro, do procedemento para o recoñecemento, declaración e calificación do grao de discapacidade.
- Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes e Plan de Igualdade do Concello da Baña.
- Disposicións regulamentaria sobre programas mínimos e procedementos selectivos dos funcionarios públicos de aplicación supletoria.
- Plan de Igualdade do Concello da Baña.

Á vista do anteriormente exposto en con base na lexislación que se relaciona, en virtude das atribucións que me confire o artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, LBRL, polo presente RESOLVO:

PRIMEIRO.–Aprobar Bases xerais para a selección de persoal funcionario interino e persoal laboral temporal, mediante listas de substitución que logo se transcriben.

SEGUNDO.–Publicar esta resolución, xunto co texto íntegro das Bases e os seus Anexos no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Bases xerais para a selección de persoal funcionario interino e persoal laboral temporal, mediante listas de substitución

1. Normas xerais.

1.1. Obxecto.

O obxecto das presentes bases é a regulación da selección de persoal funcionario interino e persoal laboral temporal, mediante listas de substitución.

1.2. Xustificación da necesidade.

O chamamento dos/as aspirantes que figuren nas listas de substitución, utilizarase cando por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, sexa necesario o nomeamento de funcionarios/as interinos/as ou a contratación de persoal laboral temporal, e sempre e cando se dea algunha das seguintes circunstancias:

- A existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura definitiva por persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo.
- A substitución transitoria dos/as titulares de postos incluído no Cadro de Persoal do Concello da Baña.
- Exceso ou acumulación de tarefas, ou execución de programas de carácter temporal, cando os requisitos esixidos para o nomeamento ou contratación, coincidan cos do proceso selectivo realizado para formar a correspondente lista de substitución.

1.3. Principio de transparencia e publicidade activa.

As presentes bases xerais publicaranse no Boletín Oficial da Provincia.

As convocatorias específicas, a formación e a modificación das listas de substitución aprobaranse por resolución do alcalde/sa ou concelleiro/a delegado/a, que se publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.concellodabana.gal).

As listas de substitución en vigor permanecerán publicadas na páxina web do Concello da Baña.

2. Listas de substitución.

2.1. Formación. Procedemento ordinario.

Unha vez celebrados procesos selectivos para o acceso a prazas incluídas na oferta de emprego público, cos datos achegados polo tribunal formaranse unhas listas de substitución con aqueles/as aspirantes que non tiveran superado o proceso selectivo, e que tiveran aprobado algún dos exercicios da fase de oposición.

2.2. Formación. Procedemento extraordinario.

No caso de que, por non terse celebrado procesos selectivos ou as listas formadas polo procedemento ordinario estiveran esgotadas, poderanse formar listas de substitución mediante a aprobación dunha convocatoria específica e de conformidade co disposto no Anexo I destas bases.

2.3. Exclusión.

1. Serán motivos de exclusión dun/ha integrante da lista, salvo causa xustificada ou de forza maior que deberán ser suficientemente acreditadas, os seguintes:

- Non aceptar, ou non responder dentro do prazo fixado, tras a realización dunha oferta.
- Non presentar dentro do prazo fixado tras a aceptación dunha oferta, a documentación requirida para o nomeamento de persoal funcionario interino ou a contratación como persoal laboral temporal, ou se da mesma se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos.
- Renunciar á continuidade no desempeño dun posto de traballo, ou ter sido separado do servizo por sanción disciplinaria e/ou por despido declarado procedente, unha vez que foi nomeado/a ou contratado/a.
- Non presentar solicitude de participación no proceso de renovación da lista de substitución cando sexan convocadas.

2. Considéranse causas xustificadas para a non exclusión dun integrante da lista as seguintes situacións:

- Estar traballando no Concello da Baña como persoal funcionario interino ou persoal laboral temporal por ter aceptado unha oferta realizada anteriormente.
- Estar en situación de baixa por enfermidade acreditada por certificado médico oficial.
- Ser beneficiaria/o dunha prestación recoñecida pola seguridade social (maternidade, paternidade, risco durante o embarazo, etc.), razón de garda legal ou coidado de dependentes.

2.4. Vixencia.

As listas de substitucións estarán vixentes ata a aprobación dunha nova lista da praza en cuestión polos procedementos establecidos nestas bases. Na resolución de aprobación da nova lista farase mención expresa á lista de substitución que deixa de estar vixente. A perda de vixencia da lista implica a extinción do dereito dos seus integrantes a ser chamados para o nomeamento de funcionarios/as interinos/as ou a contratación de persoal laboral temporal.

2.5. Renovación.

As listas de substitución renovaranse anualmente, abríndose un prazo para a admisión de novos aspirantes, ou para que os que xa forman parte das mesmas manifesten a súa vontade de continuar e, no seu caso, actualizar os méritos acreditados.

3. Orde dos/as aspirantes na lista de substitución.

3.1. Criterios de ordenación.

A orde dos/as aspirantes establecerase atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

1. Número de exercicios aprobados na fase de oposición do proceso selectivo de formación polo procedemento ordinario, da lista de substitución.

2. Maior puntuación do conxunto das fases do proceso selectivo no caso de procedemento ordinario de formación da lista de substitución. Non se considerará a estes efectos a puntuación obtida nos exercicios non aprobados.

3. Criterios de ordenación da "Relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo" en caso de empate, que se tiveran establecido nas bases específicas da convocatoria do proceso selectivo de formación polo procedemento ordinario da lista de substitución.

4. Maior puntuación da valoración de méritos acreditados no proceso de formación e renovación das listas de substitución.

3.2. Criterios de preferencia en caso de empate.

Tendo en conta o previsto no artigo 9.2 da Constitución Española e o artigo 17 da Lei do Estatuto dos Traballadores, en relación co establecido no artigo 2.d) do Real Decreto Lexislativo 3/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Emprego, as disposición de aplicación do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, Real Decreto 1856/2009, do 4 de decembro, do procedemento para o recoñecemento, declaración e calificación do grao de discapacidade, Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes e Plan de Igualdade do Concello da Baña, establécense os seguintes criterios para o caso de empate na puntuación obtida conforme aos apartados anteriores, coa prelación que se indica:

1. Persoas con maior grado de discapacidade, sempre que a mesma resulte compatible do desempeño do posto de traballo.

2. Mulleres.

3. Maior xuventude.

4. Parado/a de longa duración, maior de 45 anos.

No caso de concorrer máis dunha circunstancia das relacionadas teranse en conta as circunstancias concurrentes como criterio de desempate para o caso do mesmo nivel de prelación das circunstancias acreditadas polos aspirantes.

Se despois de todas as valoracións anteriormente descritas persistira o empate, resolverase por sorteo efectuado polo Tribunal ou Comisión de Valoración, deixando constancia en acta.

3.2. Forza maior.

O/a aspirante que unha vez chamado/a non puidese ser nomeado/a ou contratado/a por causa xustificada ou de forza maior, conservará a súa orde na lista.

3.3. Finalización da prestación.

O/a aspirante que tras o seu nomeamento ou contratación finalice a súa prestación de servizos por extinción da circunstancia que dou orixe ao mesmo, conservará a súa orde na lista.

4. Chamamentos.

1. Os chamamentos dos/as aspirantes efectuaranse pola orde na que estes/as figuran na lista de substitución.

2. Os chamamentos efectuaranse mediante chamada telefónica e correo electrónico. Realizarase un máximo de tres chamadas entre as 10:30 e as 14:30 horas, mediando entre elas un mínimo dunha hora. Se non se tivera resposta en ningunha das tres chamadas, considerarase realizado o chamamento.

3. A realización dos chamamentos na forma indicada, requirirá que os/as aspirantes teñan facilitado nas súas solicitudes de participación nos procesos, ou en comunicación posterior presentada no rexistro municipal, os datos correctos necesarios (número de teléfono e dirección de correo electrónico). No caso de que non sexa posible realizar os chamamentos na forma indicada por falta dos citados datos, procederase ao chamamento da/o seguinte aspirante.

4. A aceptación da oferta, efectuarase no mesmo momento de recepción do chamamento ou mediante chamada telefónica á Secretaría Xeral do Concello da Baña, antes das 10:30 horas do primeiro día hábil seguinte ao do chamamento. Transcorrido dito prazo sen que se produza a aceptación, entenderase rexeitada.

5. A/o funcionaria/o que os realice, fará constar mediante dilixencia a realización e resultado obtido dos chamamentos efectuados.

6. Poderanse anticipar chamamentos por razóns de axilidade aos aspirantes sucesivos, condicionados á non aceptación ou localización do candidato ao que lle corresponde. En calquera caso, reiterarse na quenda que proceda e corresponda a cada aspirante de cara a ratificar formalmente a aceptación. De todo o actuado deixarase debida constancia no expediente.

5. Nomeamento de persoal funcionario interino ou persoal laboral temporal.

1. No prazo de dous días hábiles contados desde o día seguinte á aceptación da oferta, as persoas seleccionadas deberán presentar no Concello da Baña orixinal ou copia compulsada da seguinte documentación:

- Documento nacional de identidade ou outro que acredite os requisitos de nacionalidade e idade.
- Título ou acreditación do requisito de titulación.
- Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos específicos que no seu caso se tiveran esixido nas bases específicas.
- Documento médico acreditativo de non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. (De non conseguir no prazo indicado o documento médico, o/a aspirante deberá presentar no prazo indicado xustificante da cita médica, e posteriormente o citado documento médico acreditativo).
- Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o exercicio de funcións públicas. Os nacionais doutros estados deberán acreditar non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.
- Declaración baixo a súa responsabilidade de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente sobre a mesma.

2. Os/as aspirantes seleccionados/as e que tiveran acreditado o cumprimento dos requisitos esixidos, serán nomeados persoal funcionario interino ou persoal laboral temporal, mediante resolución do alcalde/sa ou concelleiro/a delegado.

6. Recursos.

Contra a resolución de aprobación das presentes bases, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse alternativamente RECURSO DE REPOSICIÓN potestativo ante o alcalde do Concello da Baña, no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da publicación no Boletín oficial da Provincia da Coruña, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo correspondente, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso Administrativa. Se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producira a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor vostede calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

ANEXO

NORMAS XERAIS DAS CONVOCATORIAS PARA A FORMACIÓN POLO PROCEDEMENTO EXTRAORDINARIO
OU RENOVACIÓN DE LISTAS**1. Publicidade.**

As convocatorias publicaranse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.concellodabana.gal), sen prexuízo da maior difusión que en cada caso se estime oportuna ou conveniente. No caso de postos de traballo reservados a funcionarios de carreira, publicarase ademais un extracto no Boletín Oficial da Provincia.

2. Sistema de valoración.

O sistema que se utilizará para a formación polo procedemento extraordinario ou renovación de listas de substitución, será o de valoración de méritos acreditados polas/os aspirantes.

3. Requisitos dos/das candidatos/as.

1. Para ser admitidos/as no proceso selectivo, os/as aspirantes terán que reunir no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

– **Nacionalidade.** Cúmrese este requisito nos seguintes casos:

a) Ter a nacionalidade española;

b) Ser nacional doutros estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

– **Idade.** Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non ter alcanzado a idade máxima de xubilación forzosa.

– **Titulación.** Estar en posesión, ou en condicións de obtelo, do título que se esixa nas bases específicas da convocatoria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite a súa homologación.

– **Capacidade funcional.** Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

– **Habilitación.** Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o exercicio de funcións públicas.

Non ter antecedentes no Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.

Nas bases específicas que rexan cada convocatoria poderán esixirse outros requisitos específicos, segunda as especiais características do posto de traballo.

4. Solicitudes.

1. As persoas interesadas en tomar parte nos procesos de formación ou renovación de listas terán que facelo constar en instancia segundo modelo que se facilitará na páxina web do Concello.

2. Para poder ser admitido/a no proceso selectivo, deberá acompañar á solicitude orixinal ou copia auténtica da seguinte documentación:

– Documento nacional de identidade ou documento oficial que acredite os requisitos de nacionalidade e idade.

– Título ou acreditación do requisito de titulación.

– Declaración responsable de posuír a capacidade funcional e habilitación esixidas

– Documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos específicos que no seu caso se tivera esixido nas bases específicas.

– Relación dos méritos que se acrediten, por cada un dos apartados de que conste o concurso.

– Documentación acreditativa dos méritos que se posúan. No concurso non se terán en conta os documentos que non queden debidamente acreditados dentro do prazo de presentación de instancias. No caso de certificados a emitir polo propio Concello da Baña, bastará con unir xustificante da súa solicitude.

3. A solicitude, xunto coa documentación indicada no apartado anterior, pode ser presentada por algún dos seguintes procedementos:

– No Rexistro Xeral do Concello da Baña. Na instancia presentada, o/a solicitante declarará baixo a súa responsabilidade que as copias da documentación que achega á mesma, son fiel reflexo dos orixinais que obran no seu poder.

- En calquera das formas establecidas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

Non obstante o anterior, nas bases específicas de cada convocatoria, en consideración ao establecido no artigo 14.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderase esixir a presentación das solicitudes por medios exclusivamente electrónicos.

4. O prazo para a presentación das solicitudes será de dez días naturais, contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria na páxina web oficial do Concello, ou no Boletín Oficial da Provincia para o caso de postos reservados a funcionarios de carreira.

En circunstancias excepcionais, que esixan a inmediata substitución dun posto de traballo encadrado nos servizos esenciais do Concello da Baña, poderá reducir o prazo, garantindo en todo caso que o mesmo non sexa inferior a cinco días hábiles.

5. Admisión de aspirantes.

1. Lista provisional.

Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias, por resolución do alcalde/sa ou concelleira/o delegada/o aprobarase a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, con indicación das causas de exclusión, de ser o caso. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

2. Prazo de reclamación e emenda.

Os/as aspirantes non admitidos/as disporán dun prazo de dous días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos/as e excluídos/as na páxina web do Concello, co fin de emendar o defecto que motivara a súa non admisión.

3. Lista definitiva.

Unha vez que remate o prazo de reclamacións, por resolución do alcalde/sa ou concelleiro/a delegado/a aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as. No caso de que non houbera excluídos na lista provisional, a mesma considerarase definitivamente aprobada, sen que resulte precisa resolución expresa. A resolución que resolva as eventuais reclamacións e emendas publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

6. Comisión de valoración.

1. A comisión de valoración será colexiada e deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade.

A súa composición será predominantemente técnica e os seus membros terán unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo. Os membros da comisión de valoración deberán ser funcionarios/as de carreira no caso de listas de substitución de funcionarios/as interinos, e funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo no caso de listas de substitución de persoal laboral temporal. Na medida da dispoñibilidade real, procurarse que os membros da Comisión sexan designados entre os funcionarios e persoal laboral fixo do Concello da Baña.

2. A comisión de valoración estará composta por un/unha presidente, tres vogais e un/unha secretario/a garantindo a paridade entre muller e home. A composición nominal do tribunal establecerase na resolución na que se aprobe a lista definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as.

3. Os membros da comisión de valoración terán que absterse de intervir, notificando esta circunstancia ao alcalde/sa ou concelleiro/a delegado/a, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público ou se encargaran das tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O/a alcalde/sa ou concelleiro/a delegado/a poderá solicitar dos membros da comisión de valoración declaración expresa de non atoparse incursos na obriga de abstención regulada nesta base.

Os/as aspirantes poderán recusar aos membros da comisión de valoración cando concorran as circunstancias de abstención reguladas nesta base.

4. A comisión de valoración non poderá constituírse sen a presenza, polo menos, do/a presidente/a, o/a secretario/a e un/unha vogal.

5. Todos os membros da comisión de valoración terán voz e voto. A comisión de valoración queda autorizada para resolver cantas dúbidas poidan presentarse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e a normativa aplicable. O procedemento de actuación do tribunal axustarase ao disposto na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público.

6. Cualificación.

6.1. A valoración dos méritos acreditados publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello (www.concellodabana.gal).

6.2. Cos datos aportados pola comisión de valoración, aprobarase a formación ou renovación da lista de substitución obxecto da convocatoria.

A Baña, 13 de xullo de 2018.

O alcalde

José Andrés García Cardeso

2018/5364